

## **AXUDAS PARA O ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO (NEAE) PARA O CURSO ACADÉMICO 2019-2020**

Publicada a Resolución da Secretaría do Estado e Formación Profesional pola que se convocan axudas para o alumnado con NEAE para o curso 2019-2020.

### **Modalidades:**

- Axudas e subsidios para alumnado con NEAE derivada de discapacidade ou trastorno grave de conduta.
- Axudas para programas complementarios destinados ao alumnado con NEAE asociada a Altas Capacidades.

**Destinatarios:** alumnado que presenta NEAE derivada de discapacidade ou trastorno grave de conduta.

### **Requisitos:**

1. Presentar NEAE derivada de discapacidade ou trastorno grave de conduta sempre que dita necesidade sexa acreditada por algunha das seguintes vías:
  - a. **Certificado de discapacidade.**
  - b. Certificado dun equipo de valoración e orientación dun Centro base do Instituto de Maiores e de Servizos Sociais ou órgano correspondente da Comunidade Autónoma.
  - c. Certificado dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou do departamento de orientación dependentes da Administración Educativa Correspondente.
2. Ter cumpridos os dous anos de idade a 31 de decembro de 2018.
3. Estar escolarizado en Centro Específicos, en Unidade de Educación Especial dun Centro Ordinario ou en Centro Ordinario.
4. Estar cursando algúns dos seguintes niveis educativos: Educación Infantil, Educación Primaria, ESO, Bacharelato, Formación Profesional de Grado Medio e Superior, Formación Profesional Básica, ensinanzas artísticas profesionais e programas de formación para a transición á vida adulta.
5. O alumnado con NEAE asociado a Altas Capacidades debe ter acreditada a necesidades mediante certificado dun equipo de orientación educativa e psicopedagóxica ou do departamento de orientación dependente da Administración Educativa correspondente.

### **Lugar e prazo de presentación das solicitudes:**

Deberán cumprimentarse mediante o formulario accesible por internet na dirección [www.educacionyfp.gob.es](http://www.educacionyfp.gob.es), ou a través da sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional na dirección: <https://sede.educacion.gob.es>.

***As familias que non dispoñan de firma electrónica e, polo tanto, impriman o modelo de solicitude en ficheiro .pdf deberán presentalo, coa súa sinatura e a dos demais membros computables da familia, acompañada da documentación precisa, no centro docente no que vaian a seguir os estudos durante o curso académico 2019-2020.***

O prazo de presentación abrangue dende **o 28 de xullo de 2019 ata o 26 de setembro de 2019**.

A partir do **2 de setembro de 2019**, a orientadora do IES de Melide estará a disposición das familias para a axuda e o asesoramento na tramitación das solicitudes (con cita previa).

Toda a información relativa ás Axudas para alumnado con NEAE atópase no seguinte enlace:

<http://www.educacionyfp.gob.es/servicios-al-ciudadano/catalogo/estudiantes/becas-ayudas/para-estudiar/primaria-secundaria/necesidad-especifica-apoyo-educativo.html>